CONCELLO DE PONTEVEDRA
INTERVENCION XERAL

CONTRATACION
22 XUÑ 2009
RECIBIN,

22

ASUNTO: RECOÑECEMENTO EXTRAXUDICIAL DE CRÉDITO DAS FACTURAS Nº 12/08, 13/08 E 14/08 DE CORRESPONDENTES AO CONTROL ARQUEOLÓXICO DAS OBRAS DE CANALIZACIÓN, DE INSTALACIÓNS E PAVIMENTACIÓN DA TRAVESÍA DO COMERCIO, CENTRO HISTÓRICO DE PONTEVEDRA; E Á EXCAVACIÓN E CONTROL ARQUEOLÓXICO EN ÁREA NA RÚA PRINCESA, CENTRO DE PONTEVEDRA, NO MARCO DAS OBRAS DE CANALIZACIÓN, DE INSTALACIÓN E PAVIMENTACIÓN DESTA RÚA.

LEXISLACIÓN APLICABLE:

- Artigos 163, 173, 176, 213 a 216 do Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais aprobado por RDL 2/2004, do 5 de marzo.
- Artigo 60.2 do RD 500/90, do 20 de abril, polo que se desenvolve o capítulo primeiro do título VI da LRFL, en materia de orzamentos.
- RD 1496/2003, de 28 de novembro, polo que se regula o deber de expedir e entregar factura que incumbe aos empresarios e profesionais.
- Base 18ª das de execución do Orzamento prorrogado de 2009.

ANTECEDENTES:

Constan no expediente as facturas emitidas por informe do Arquitecto Xefe da O.T.A., informes da Xefa do Servizo de Contratación e informe da Técnica de Contabilidade e Presupostación.

INFORME:

1.- Por reséntanse as facturas nº 12/08, 13/08 e 14/08, de data 30-12-2008 (Rexistro entrada 05/01/2009), e importes de 2.610,80, 5.503,38 e 20.843,89 euros, respectivamente, IVE incluido, que corresponden aos servizos que a continuación se indican:

- FACTURA Nº 12/08: Control arqueolóxico das obras de canalización, de instalacións e pavimentación da Travesía do Comercio, Centro Histórico de Pontevedra.
- FACTURA Nº 13/08: Control arqueolóxico das obras de canalización, de instalacións e pavimentación dun tramo da Rúa Princesa, Centro Histórico de Pontevedra.
- FACTURA Nº 14/08: Excavación arqueolóxica en área na Rúa Princesa, Centro de Pontevedra, no marco das obras de canalización, de instalacións e pavimentación desta rúa.

83

Non consta no expediente que para a contratación dos traballos realizados se seguira o procedemento legalmente establecido.

2.- As facturas están conformadas polo Arquitecto Xefe da O.T.A., o cal, no seu informe de data 9 de febreiro de 2009, sinala que "aínda que no momento en que se levaron a cabo estos traballos o arquitecto que subscribe non pertencía á plantilla de funcionarios deste Concello, sí lle consta que os mesmos foron levados a cabo correctamente polo técnico realizando todos aqueles traballos, informes, memoria técnica, etc., que foron precisos para correcta execución da obras.

Así pois, tendo en conta o tempo transcorrido, o técnico que subscribe non ten inconveniente en asinar a correspondente dilixencia de conformidade de cada unha das facturas nomeadas (...)".

3.- Do anteriormente exposto dedúcese que os traballos foron realizados sen axustarse aos trámites esenciais do procedemento de contratación administrativa, especialmente o que se refire á adxudicación e ao procedemento de autorización do gasto, non estando a adxudicación verbal admitida na contratación administrativa de conformidade co establecido no artigo 28 da LCSP, salvo que os contratos teñan carácter de emerxencia. Procedería, en consecuencia, segundo o artigo 60.2 do RD 500/1990 e a Base 18ª das de Execución do Orzamento prorrogado para o 2009, tramitar un expediente de recoñecemento extraxudicial de crédito para a imputación ao presuposto corrente das obrigas derivadas de gastos efectuados en exercicios anteriores. O importe total dos créditos a recoñecer é de 28.958,07 euros.

4.- No tocante á figura do recoñecemento extraxudicial de crédito hai que ter presente que en virtude do principio de anualidade establecido no artigo 163 do Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado por RDL 2/2004, de 5 de marzo, o artigo 176.1 do TRLRFL dispón que:

> *"Con cargo a los créditos del estado de gastos de cada presupuesto solo se podrá contraer obligaciones derivadas de adquisiciones, obras, servicios y demás prestaciones o gastos en general que se realicen en el año natural del propio ejercicio presupuestario"*

Establecendo o artigo 26.2.c do RD 500/90 unha excepción a este principio, ao permitir a aplicación dos créditos do Orzamento vixente as obrigas procedentes de exercicios anteriores a que se refire o artigo 60.2 do RD 500/90: o recoñecemento extraxudicial de crédito.

Pódese observar que se está a introducir por vía regulamentaria unha vulneración dos principios e coherencia do TRLRFL, e que non estaba contemplada no apartado 2 do citado artigo 176 do TRLRFL.

Non obstante, xurisprudencia do Tribunal Supremo ten reiteradamente declarado que "el inadecuado proceder de la Administración no puede oponerse por ésta al tercero que, guiado por la apariencia de una actuación ajustada a la legalidad, se halla amparado por el principio de la buena fe contractual sin que, por otra parte, el defecto de formalización afecte a la existencia y validez del contrato ..." (STS 31 de marzo de 1999). Así mesmo: "... Surgido el vínculo jurídico

por el encargo, la inobservancia de aquéllos por la Administración no puede acarrear la ineficacia del mismo pues a ello se oponen, como obstáculos insalvables, los principios generales que se derivan del los artículos 1.288 y 1.302 del Código Civil, el de buena fe en el cumplimiento de las obligaciones, así como la teoría del enriquecimiento injusto ..."

Indicar, por último, que á vista do disposto no artigo 60.2 do RD 500/90, o recoñecemento extraxudicial de crédito é un procedemento independente que ten por efecto a producción dun acto administrativo polo que se recoñece a existencia dunha obrigación de pago por parte do Concello.

5.- No informe emitido pola Técnica de Contabilidade e Presupostación, de data 7 de maio de 2009, se indica que "A partida 15.453-611.80S do estado de gastos do Orzamento prorrogado do Concello de Pontevedra do exercicio 2009, como consecuencia da modificación orzamentaria de Incorporación de remanentes ao exercicio 2009 (4/09(1IR-09) consta cun crédito dispoñible por importe 516.347,28€, en consecuencia co exposto este OXPC certifica que existe crédito axeitado e suficiente para o recoñecemento extraxudicial de débeda contraída por este Concello con [illegible] por importe total de 28.958,07€, procedéndose neste momento a contabilización da oportuna retención de crédito na partida 15.453-611.80S, operación RC nº2009-14761, por importe 28.958,07 €."

6.- De conformidade coa Base 18ª das de execución do Orzamento prorrogado de 2009, a competencia para o recoñecemento extraxudicial de crédito corresponderá ao Pleno do Concello de Pontevedra.

7.- Finalmente esta Intervención quere poñer de manifesto que é necesario evitar a práctica de omitir todo tipo de procedemento de contratación e logo proceder a súa legalización ao amparo do principio de enriquecimento inxusto e a través do procedemento extraxudicial de obrigas, mecanismo este previsto na lexislación para supostos excepcionais e non como un procedemento de adxudicación alternativo.

Pontevedra, 15 de maio de 2009

O TÉCNICO DE INTERVENCIÓN,

CONFORME,
O INTERVENTOR,

CONCELLO DE PONTEVEDRA INTERVENCIÓN